

## Acta da reunión do Consello de Departamento

## ASISTENTES

Blanco Fernández, Yolanda  
Burguillo Rial, Juan C.  
Caciro Rodríguez, Manuel  
Costa Montenegro, Enrique  
Díaz Redondo, Rebeca P.  
Fernández Veiga, Manuel  
García Duque, Jorge  
Gil Castiñeira, Felipe J.  
Herrería Alonso, Sergio  
López Ardao, José C.  
López Bravo, Cristina  
López García, Cándido A.  
López Nores, Martín  
Mikić Fonte, Fernando A.  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Hernández, Pedro S.  
Rodríguez Pérez, Miguel  
Rodríguez Rubio, Raúl F.  
Santos Gago, Juan M.  
Sousa Vieira, M<sup>a</sup> Estrella  
Suárez González, Andrés

## ESCUSAN ASISTENCIA

Anido Rifón, Luis E.  
Llamas Nistal, Martín  
Pazos Arias, José J.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática de 29 de maio de 2017, convocada para as 12:30 horas en primeira convocatoria e para as 13:00 horas en segunda convocatoria na sala de xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O luns 29 de maio de 2017 ás 13:05 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbase, por asentimento, a acta do día 26 de abril de 2017.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre dous aspectos relacionados co Máster de Ciberseguridade:

- Por unha banda, a Escola Superior de Enxeñaría Informática (ESEI) de Ourense postulouse na última xuntanza como coordinadora única da nova titulación, en substitución da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET) que ocupaba dita posición dende os inicios da definición do Máster. Dado que a ESEI de Ourense non participou na elaboración da memoria do novo título, o Director do Departamento manifesta a súa vontade de trasladar ao Rector da Universidade de Vigo (a través do Director da EET) o malestar causado por tal situación, facendo fincapé en que o departamento plantearase seriamente a súa participación nesta nova titulación no suposto de que as condicións definidas inicialmente sufran as modificacións mencionadas.
  - Por outra banda, o Director do Departamento comenta que a oferta definitiva de optatividade do Máster (na que se incluían inicialmente 5 asignaturas) está aínda pendente de aprobación, despois de que o profesor Fernando Pérez reclamase a inclusión dunha materia do seu departamento (Seguridade Multimedia). O Director do Departamento manifesta que, no suposto de poder facer cambios neste sentido, o DET está en disposición de propor as súas propias alternativas a través de asignaturas relacionadas coa análise de datos e a seguridade no eido do comercio electrónico.
3. Aprobación, se procede, dos informes de valoración docente dos profesores que solicitan a súa avaliación quinquenal (entre os cursos 2010-2011 e 2014-2015) no programa DOCENTIA.

Apróbanse por asentimento os informes de valoración docente solicitados polos seguintes profesores:

- Burguillo Rial, Juan C.
  - Caciro Rodríguez, Manuel
  - Gil Castiñeira, Felipe J.
  - González Castaño, Francisco J.
  - Llamas Nistal, Martín
  - López Ardao, José C.
  - López Nores, Martín
  - Rodríguez Hernández, Pedro S.
  - Sousa Vieira, M<sup>a</sup> Estrella
4. Asuntos de trámite.

Non hai.

5. Rogos e Preguntas.

Non hai.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:36 horas do día 29 de maio de 2017, da que eu como Secretaria do Departamento dou fe co visto bo do Director.

O Director do Departamento

A Secretaria do Departamento

Dr. D. Raúl F. Rodríguez Rubio

Dra. D<sup>a</sup>. Yolanda Blanco Fernández